



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO
PLENO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2012.**

<p>Sres. Asistentes: Sr. Alcalde: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. Sres. Concelleiros: D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e quince minutos do día vinteseis de xaneiro de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

**PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS
POLO CONCELLO PLENO OS DÍAS 29-09-2011, 24-10-2011 E 09-11-2011.-**

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestar a súa aprobación as actas das sesións celebradas os días 29 de setembro de 2011, 24 de outubro de 2011 e 9 de novembro de 2011.

**Punto núm. 2.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO
ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 09-03-2011 "KONKRETO 2002 S.L".**

Polo Sr. Secretario dase lectura o FALLO:

"Debo estimar parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad KONKRETO 2000 S.L., contra las resoluciones del Concello de Ares de fechas 13-03-2009, 01-04-2009, y 23-04-2009, anulando parcialmente la primera de las



resoluciones en el sentido de declarar caducado el procedimiento de reposición de la legalidad urbanística, confirmando el resto de acuerdos contenidos en dicha resolución, y confirmando asimismo las otras dos resoluciones impugnadas en las que se acuerda la suspensión de las obras realizadas al margen de la licencia urbanística concedida, sin expresa condena de costas.”

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 3.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 13-12-2010, “HAMBURGUESERÍA O LAGO”.-

Polo Sr. Secretario dase lectura o Fallo.

“Debo desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D^a María del Carmen Abeal Bouza contra el acuerdo de la Junta Municipal de Gobierno del Concello de Ares de fecha 10-10-2008, por la que se clausura como medida cautelar un local destinado a café-bar, resolución que confirmamos por ser ajustada a derecho, sin expresa condena en costas.”

O Concello pleno dase por enterado.

Punto núm. 4.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 11/11/2011 “KONKRETO 2000 S.L.”.

Polo Sr. Secretario dase lectura o FALLO:

“Que desestimando el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Procuradora D^a Carolina Fernández Díaz, en nombre y representación de D. Vicente García Cardamas, contra la resolución de fecha 14 de agosto de 2008, dictada por el Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Ares, por la que se acordó requerir a la entidad KONKRETO S.L. para que presentase un informe técnico sobre la realización y cumplimiento de lo establecido en la Resolución de la Alcaldía de fecha 12 de febrero de 2008, DEBO DECLARAR Y DECLARO la conformidad a Derecho del acto administrativo recurrido, que, por tanto debo confirmar. Sin hacer especial pronunciamiento respecto a las costas procesales acusadas.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 1 DE 12-12-2011, “ELVIRA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ”.



Polo Sr. Secretario dase lectura o FALLO:

“Que resolviendo en el sentido al que se refiere el fundamento de derecho único al respecto de la excepción de falta de reclamación administrativa previa opuesta a la demanda interpuesta por **Dª ELVIRA RODRIGUEZ RODRIGUEZ** contra el **CONCELLO DE ARES**, y desestimando la demanda, debo absolver y absuelvo a la parte demandada de los pedimentos de la misma.”

PUNTO Núm. 6.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 17-12-2011 “PROINGA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.”

“ Polo Sr. Secretario dase lectura o FALLO:

Que debemos desestimar y desestimamos el recurso de apelación interpuesto por PROINGA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L., contra la sentencia de fecha 17 de febrero de 2011 dictado por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol en el procedimiento contencioso administrativo número 314/2009, con expresa imposición de costas a la parte recurrente, con una limitación de 900 Euros por lo que se refiere a honorarios del letrado.”

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 7.- DAR CONTA DA REORGANIZACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS REPRESENTANTES DO PSOE.

Dase do escrito presentado polo Voceiro do PSdeG-PSOE D. José Eugenio Fernández Lago, relativo a reorganización das Comisiones Informativas e os representantes do PSOE nas mesmas de data 16 de xaneiro de 2012 con número de rexistro de Entrada 139, quedando as mesmas do seguinte xeito:

COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO E TURISMO.

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

Dª Alma Barrón Ferro.

D. José Eugenio Fernández Lago.

COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.



D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

D^a Olimpia Marcos García.

D. José Juan Vilar Rico.

COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS.

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

D^a María Victoria Montenegro Paz.

D. Alma Barron Ferro.

COMISION DE CULTURA, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRÁFICO.

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

D. José Eugenio Fernández Lago.

D. José Juan Vilar Rico.

COMISIÓN DE PERSOAL, SERVICIOS MUNICIPAIS, COMERCIO E INDUSTRIA.

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

D. Alma Barrón Ferro.

D. José Juan Vilar Rico.

COMISIÓN DE DEPORTES, EDUCACIÓN, EMPREGO E OBRAS.

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

D^a Alma Barron Ferro.

D. José Eugenio Fernández Lago.

COMISION ESPECIAL DE CONTAS.

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

D^a Alma Barrón Ferro.

D. José Eugenio Fernández Lago.



O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 8.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 12-01-2012
“REORGANIZACIÓN XUNTA LOCAL DE GOBERNO”.**

Dase conta da Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 12 de xaneiro de 2012, que seguidamente se transcribe:

“Dn. **JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO ALCALDE-PRESIDENTE**, deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 21.2 da Lei /1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobouse o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e en armonía coa reestructuración do Grupo de Goberno, consecuencia da toma de posesión da nova Concelleira D^a Alma Beatriz Barrón Ferro.

RESOLVO:

Primeiro.- Revoca-lo nomeamento de Dn. María Victoria Montenegro e Dna. Olimpia Marcos como membros da Xunta de Goberno Municipal e conseguintemente como 2º e 3º Tenentes de Alcalde respectivamente, efectuado por resolución desta Alcaldía de 16 de xuño de 2011, sobre designacións de membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde.

Segundo.- Designar membro da Xunta de Goberno Local á Sr.a Dna. **ALMA BEATRIZ BARRON FERRO**.

Terceiro.- Modificar a resolución de 16 de xuño de 2011, sobre designación de Tenentes de Alcalde, no senso:

2º Tenente de Alcalde: JOSE JUAN VILAR RICO.

3º Tenente de Alcalde: ALMA BEATRIZ BARRON FERRO.

Coarto.- Da presente Resolución dárse conta ó Pleno na primeira sesión “

O Concello Pleno dase por enterado.

“ PUNTO NÚM. 9.- DESIGNACIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO.

Comunicado pola Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña que o día 14 de outubro de 2011 finalizaba o mandato dos actuais Xucies de Paz



Titular e Substituto procedeuse a publicar no taboeiro de edictos e no BOP nº 210 de 4/11/2011 a convocatoria para cubrir ditas prazas.

Durante o período aberto presentáronse as seguintes propostas:

Xuiz de Paz Titular. D. Andrés Freire Camaniel.

Xuiz de Paz Substituto: D. Florencio Aragón Cánovas.

Ambos reúnen os requisitos legais para poder ser designados nos respectivos cargos, tanto en capacidade como en compatibilidade, a xuízo deste Concello, e de feito exercen os respectivos cargos na actualidade.

De conformidade co disposto no artigo 6 do Regulamento nº 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, do Consejo General do Poder Xudicial e L.O.P.J., O Pleno do Concello, co voto favorable e unánime dos asistentes, o que supón a maioría absoluta dos membros acorda:

Primeiro: Elexir para o cargo de Xuiz de Paz Titular de Ares a D. Andrés Freire Camaniel.

Segundo: Elexir para o cargo de Xuiz de Paz Sustituto de Ares a D. Florencio Aragón Canovas.

Terceiro: Remitir certificado deste acordo xunto coa documentación do expediente á Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno por unanimidade dase por enterado.



PUNTO NÚM. 11.- MOCIONS E PROPOSTAS.

a) MOCIÓN DO BNG: Anulación de tarxeta sanitaria de persoas desempregadas e persoas sen recursos económicos.

Dada conta da Moción do BNG relativa a “Anulación da tarxeta sanitaria de persoas desempregadas e persoas sen recursos económicos” que seguidamente se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 9 de setembro de 2011 a Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza publicou no Diario Oficial unha orde na que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes e para as persoas desempregadas. Posteriormente remitiu aos centros de saúde un Protocolo de traballo para a posta en marcha da devandita Orde. Neste protocolo indícase: *"Dende a entrada en vigor da Orde as persoas sen recursos que soliciten teñen dereito á atención de urxencias e emerxencias, polo que, ante á solicitude dunha atención urxente é necesario dar unha alta rápida no aplicativo con documentación acreditativa "PRIVADO", previa busca do cidadán na aplicación, sempre se lles entregará o modelo de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a man (mentres non estea preparado o modelo na aplicación) o seguinte texto: Persoas sen recursos económicos suficientes en tramitación. Só asistencia urxencia/emergencia."*

Segundo se indica no texto literal reproducido, as persoas afectadas só teñen dereito, previo compromiso de pago, á atención de urxencias e emerxencias, é dicir, perden o dereito á sanidade pública universal, fican sen médico/a de cabeceira, sen probas diagnósticas nin especialistas, non teñen, en definitiva, asistencia sanitaria completa. Estas persoas quedan tamén sen a asistencia farmacéutica até que volvan a ter todos os papéis en regra para volver estar de alta.

O proceso de clasificación das persoas afectadas nunha nova categoría non pode conlevar a desactivación dos seus dereitos sanitarios e menos sen recibir información por parte do Goberno galego do que está a suceder.



Todas as persoas afectadas terán a obriga de solicitar unha tarxeta de persoas sen recursos mais esa solicitude pode tardar en aprobarse entre oito e dez meses, polo que durante todo ese tempo permanecerán sen asistencia gratuita.

Esta orde está totalmente inxustificada, é inhumana e desoladora, xa que vulnera os dereitos básicos da cidadanía e rompe os principios de universalidade e equidade da Sanidade Pública.

O goberno do PP na Xunta de Galiza está a levar adiante unha serie de medidas que pretenden a privatización e o desmantelamento da sanidade pública no noso país como demostra a redución de persoal sanitario mediante a non cobertura de baixas e xubilacións, a redución de consultas e actividade nos quirófanos na quenda de tarde, o incremento dos concertos privados, a entrada de capital privado no financiamento dos novos hospitais ou o recorte de 237 millóns de euros no orzamento da sanidade pública.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a

- **Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.**
- **Restituir todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.**
- **Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.**

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farias: esta moción xa foi rexistrado no mes pasado, a vai colo do protocolo que desenvolve a orde do 5 de setembro que foi publicada no DOGA do 9 de setembro, e relativa a retirada da anulación da tarxeta sanitaria, as persoas desempregadas e persoas sen recursos económicos, nos consideramos que isto é un tema que tivo bastante eco na sociedade, porque as



consecuencias son nefastas, e nos o que pedimos neses acordos e retirar dun xeito inmediato o protocolo que desenvolve está orde do 5 de setembro, restituir todos os dereitos das persoas que foron perxudicadas polo mencionado protocolo, reactivando as tarxetas anuladas e evitar que os cambios burocráticos que se van realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega, porque se entende que isto colisiona cos dereitos sanitarios e da sanidade universal que debe haber.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Eu simplemente quería mostrar o meu posicionamento ó respecto, eu neste tema me vou a abster, porque o que parece ser que o que marca a Lei en canto un pasa ó paro e deixa de percibir a prestación, a situación é a que marca a Lei, pero por outro lado sabemos que eso na practica non existe porque a Xunta deu ordenes xa, en caso de simplemente coa copia da tarxeta sanitaria de solicitar por parte dos Centros de Saude, da atención desta xente, polo tanto eso en realidade non se está dando non se da e a Xunta está comprometida por ahí, outra cousa é que se modifique a Lei neste senso, a lei xeral, imaxino, en canto un perde a tarxeta do paro, que non sexa a Comunidade Autonoma, independente neste caso a Xunta de Galicia que teña que recurrir a un decreto de que se tramite o servizo sanitario á persoa que deixa de prestalo servizo, polo tanto a miña posición vai a ser a abstención.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, eu creo que a situación real se diron casos, pero a situación real non é certa, dicir que todos os usuarios sanitarios teñen a cobertura en toda a Comunidade Autonoma Galega, e en todo o país, creo que en ningunha comunidade se cambio a lei, senon que isto é unha lei que ven recollida no Instituto Nacional da Seguridade Social, que é a que ten a competencia e que a Xunta cando se dan estes casos o que fai, directamente lle da alta o remite directamente o INSS, dicir tamén que si algunha persoa, tivera un problema deste tipo isto directamente se amaña no Centro de Saúde, do Concello ou do sitio que esta máis cerca, neste caso, calquera persoa que tivera algunha dúbida algunha inquietude algún problema deste tipo inmediate se amaño no Centro de Saúde, creo que isto viu insistindo isto é unha Lei do Instituto Nacional da Seguridade Social, e que en ningún momento ningún cidadán galego e español, queda sen cobertura sanitaria, senón que todos os españois e galegos teñen o servizo gratuito, é público e universal, eu creo que isto todo é unha situación política que se creou, se poido dar un caso de que como a hai que tramitar ó Instituto Nacional da Seguridade Social que é



que ten a competencia se lle montou este revuelo, pero xa o dixo o Presidente pero si coñecían algún caso dun galego que non se atenderá nun Centro de Saude, que o dixera, eu creo que esa é a situación, non hai ningún caso, ningún cidadán, sexa galego sexa estranxeiro que este na Comunidade Autónoma Galega que non fora atendido nos Servicios Sanitarios de Galicia, eu creo que esta Moción non ten cobertura para apoiala, porque como se di non se pode demostrar, todo isto é unha competencia como ven recollido non se cambiou, pero que é un trámite que ten que facer a mesma Comunidade, e se trata de parados de longa duración que este tramite cando se realiza no Centro de Saude, a parte de activar a tarxeta o que fai e solicitar a súa válidez o Instituto Nacional da Seguridade Social, eu creo que con isto esta resumido todo que xa se explicou por parte da Xunta de Galicia e os medios de Comunicación, creo que esta Moción non ten lugar porque non hai ningún incidente, nin ningunha persoa en Galicia que se atope nesta situación.

Interven o Voceiro do Partido Socialista, Sr. Fernández Lago, a nos non nos cabe ningunha dúbida e vamos a votar a favor da Moción.

Interven novamente o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farías: Vamos a ver, aquí tamén se xirou un protocolo no cal se indicaba que dende a entrada en vigor da Orde as persoas sen recursos que soliciten teñen dereito a atención de urxencias e emerxencias, porque ante a solicitude dunha atención urxente é necesario dar de alta rápida no aplicativo ó documento acreditativo privado, previo a busca do cidadán na aplicación, sempre que se entregará o modelo de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a mán o seguinte texto "persoa sen recursos económicos suficientes en tramitación so asistencia urxencia-emerxencia", logo este protocolo foi xirado, se houbo unha marcha atrás foi porque houbo unha presión política e institucional, mediática e popular, que fixo que o goberno do PP primeiro recoñecera e logo recuara na medida irregular limitadora dos dereitos de milleiros de persoas. Feijoo logo de dar moitas voltas porque cando se lle prantexou no Parlamento, como que non facía caso, recoñece a situación e anuncia que está solucionado, entón respecto dunha cousa que ven de Madrid, a desactivación de tarxetas é competencia do SERGAS, da igual que o fixera por propia iniciativa ou por propia iniciativa ou por Orde de Madrid, neste último caso poderíase ter denegado a desactivación. Entón eu preciso que xunto con esta desactivación da tarxeta sanitaria axa unha rectificación formal da medida, porque a retirada do protocolo e o compromiso de non retirar a asistencia sanitaria coa excusa de realizar trámites ou clasificación de carácter burocrático, o que está claro é que a posibilidade de desactivación, da tarxeta sanitaria esta ahí, está aprobada na Orde do 5 de setembro, entón nos non queremos que non se aplique como



están a dicir, e que eso non se esta a aplicar, nos o que queremos é que se retire a Orde que permite aplicalo, porque eso é unha cuestión que cae de caixon, entonces se non se aplica, ¿para que está a Orde aprobada?, eu creo que aquí para aforrar o consumo de papel, debese poñer so o que se vaia a facer, non plasmar unha cousa nunha Orde e logo dicir que non pasa nada que non se aplica, non, retira a Orde para que non se aplique.

Interven o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: Eu non sei se rectificou ou non rectificou, eso se ven aplicando dende o ano 89, e en todo caso, que fora verdade que se retirara polo que fora, pero non se retirou que segue igual, como estaba, non procede a Moción, se non hai afectados en Galicia, se non hai ningún problema, porque o protocolo 29 que ti aludes, o único que hai que facer por esta xente e estranxeiros que están nesta situación leva o mesmo trámite que solicitar a tarxeta sanitaria, o mesmo eu creo que está ahí, eso o pode comprobar un físicamente, ir o Centro de Saúde, e o explican alí, o trámite que me pode pasar a mín se me quedo sen cobertura e te explican, eso está claramente e en todo caso, e supoñendo que sexa razón que por parte da Administración se reculara, creo que esta moción non ten lugar, porque si está a cousa ben, non ten porque votarse. Nos vamos a votar en contra porque como dixen anteriormente non hai ningún galego ni ningún estranxeiro que se encontra na Comunidade Autonoma que quedara sen atender.

Rematado o debate pola Alcaldía Presidencia, sometese a votación a Moción, e o Pleno do Concello por 8 votos a favor (6 PSdeG-PSOE E 2 BNG) 4 votos en contra do Grupo do Partido Popular e 1 abstención de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia adoptar os seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a

- **Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.**
- **Restituir todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.**
- **Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.**

b) MOCIÓN DO BNG: Proceso de Avaliación ambiental do PXOM de Ares.



Dase conta da Moción do BNG, relativa a Proceso de Avaliación ambiental do PXOM de Ares, do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con data 23 de Novembro o Grupo Municipal do BNG presentaba no rexistro municipal un escrito a respecto do proceso de avaliación ambiental do PXOM de Ares iniciado desde a Concellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas. No escrito poñíase de manifestó non só o feito de que o devandito documento non fose coñecido nen debatido en nengún órgano da corporación; senón tamén a inseguridade xurídica que suponía o feito de que a Consellería tivese fixado dous prazos diferentes a efecto de exposición do devandito documento.

Após destas consideracións, desde o BNG solicitábase da Alcaldía:

- 1.- Que se demande da Consellaría de Medio Ambiente a suspensión cautelar do proceso de avaliación ambiental estratéxica do novo PXOM de Ares, atendendo ás contradicións observadas nos anuncios con datas diferentes e, asimesmo, á redución do prazo de exposición da avaliación ambiental a un só mes, en troque dos dous meses que establece a Lei 2/2010.
- 2.- Que se traslade o documento á Comisión de Urbanismo co obxecto de que a mesma coñeza oficialmente o documento e arbitre os debates que permitan incorporarle as suxestións e propostas dos diversos grupos da corporación.
- 3.- Que, unha vez rematado o proceso do punto anterior, se traslade á Consellaría de Medio Ambiente a efectos de que a mesma proceda ao proceso de avaliación ambiental, segundo o estipulado na Lei 2/2010; garantindo desde a institución municipal a máxima información e participación do conxunto da veciñanza neste proceso.

Co mutismo do goberno municipal como única resposta ao escrito do BNG, vén a resultar que ao entrarmos de novo na páxina oficial na que figura o anuncio ao que nos temos referido anteriormente; os prazos figuran modificados



novamente; quedando neste caso establecidos entre os días 23 de Novembro e 23 de Decembro, cando o anterior establecía un prazo que remataba o 29 deste último mes.

Unha situación que, ao marxe de reflectir claramente unha falta de responsabilidade política por parte do organismo responsábel da Xunta; deixa en evidencia tamén a falta de transparencia no proceso, situando ademáis o mesmo nunha clara inseguridade xurídica, xa que se fixo a exposición pública nada máis e nada menos que con tres prazos diferentes, como se acredita nas copias do anuncio oficial que se adxuntan.

Á vista do anterior e, co obxecto de preservar tanto o cumprimento da normativa en vigor a respecto do proceso de avaliación ambiental estratéxica como a necesaria transparencia e participación tanto dos grupos que formamos parte da Corporación como do conxunto da cidadanía –propomos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Infraestructuras que, á vista das irregularidades detectadas no proceso de avaliación ambiental estratéxica do PXOM de Ares, se proceda á suspensión do devandito proceso.

2.- Que, con carácter urxente, se traslade o documento elaborado á Comisión Municipal de Urbanismo, ao obxecto de garantir o coñecimento oficial e debate por parte dos grupos da Corporación; incorporándolle as suxestións e propostas que se consideren.

3.- Que, unha vez concluído o debate da Corporación, se traslade o documento resultante á Consellaría do Medio Ambiente e Infraestructuras, co obxecto de que se proceda ao proceso de avaliación ambiental estratéxica segundo o previsto na Lei 2/2010, e garantindo en todo momento desde a institución municipal a máxima información ao conxunto da veciñanza.”



O Sr. Alcalde Presidente, que o proceso de avaliación ambiental do PXOM é un trámite de competencia autonómica, e detectáronse sucesivas publicacións que poderían arroxar dúbidas loxicamente sobre a data de inicio do computo de prazo para as alegacións, detectado loxicamente este erro dende o Concello fixemos todas as xestións, ante a Xunta, aínda non nos respostaron e estamos a espera loxicamente da resposta por parte da Xunta de Galicia, por respecto ó que se refire á Moción presentada, que ten motivo no que acabo de explicar ten a palabra o voceiro do BNG para referirse ós acordos que propón.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Este é un tema no que nos xa fixemos un escrito anteriormente porque esto debe de ser un proceso transparente e reglado porque é un documento bastante importante, entóns convén dar todos os pasos da mellor maneira posible, para que non axa pé a que exista algún malentendido, ou calquera cousa destas, entóns nos xa daquela solicitamos como dixo agora o Alcalde que se aclarase o tema das datas, da exposición, nos non tivemos contestación, e entóns a nos xurdenos unha dúbida a respecto de cómo se vai a arranxar este tema, entóns nos solicitamos nese acordo unha serie de puntos que teñen que ver precisamente co tema ese dunha posible inseguridade xurídica que pode haber a respecto dunhos prazos, proceso que se publica, e que entran en contradición; entran en contradición porque foron máis de tres as datas de prazo que se publicitaron na web. Entóns nos consideramos quenon pode esto seguir adiante, antes de aclarar de verdade como é a situación, nos non sabemos se houbo contestación, como contestación non houbo entendemos que a parte interesada e quen esta a facer o proxecto que é o Concello e polo tanto debe de ser un pouco duro no senso de que hai que posicionarse diante da Xunta e esixirlle tamén que dalgunha maneira que responde, sobre todo cando se lle manda unha carta que foi a colo da nosa primeira pregunta que presentamos, no que se lle dicía que pregaríamos unha pronta resposta para poder presentala no mesmo Pleno ordinario que se celebrará hoxe, eu digo esta carta foi enviada o día 2, e foi recibida o día 3, a día de hoxe non hai por escrito unha contestación, entóns nos creemos que esto é un tema importante e a xunta ten hai eso e queremos que se nos explique. Despois o día 28 do 12 entrou por rexistro unha comunicación de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM foi enviada polo Secretaría Xeral de Calidade e avaliación Ambiental da que nos non sabemos a que se refire, non sabemos se se refire a algo desto do que nos plantexamos, polo tanto o que demandamos e eses acordos que



están ahí, dando seguidamente lectura ós acordos que figuran transcritos na Moción.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: O prazo de información pública é un mes, non son dous meses, dous meses son para o documento inicial, que aínda non o temos aprobado, e certo que existe unha contradición entre a normativa estatal e autonómica, loxicamente as competencias sobre ordenación do territorio as ten a Xunta e loxicamente, evidentemente tendo a competencia sobre a materia, eu imaxino que as súas leis son de aplicación preferente porque hai un reparto competencial estatutario. En consecuencia e certo que o documento saíu publicado en tres datas diferentes, pero tamén é certo que tamén a Xunta no computo de 30 días, dun mes, desde calquera delas aceptou as alegacións presentadas, o que pode implicar que para a Xunta queda subsanado loxicamente o defecto, en consecuencia tratase dun documento técnico que non ten máis alcance que efectivamente a avaliación ambiental, que necesítase para seguir a tramitación é ir de cara a aprobación do documento inicial, eu penso que os acordos, xa cho dixen na xunta de portavoces, son excesivos, e dicir se proceda á suspensión do proceso, dicir un proceso que efectivamente levamos catro anos loitando con el para conseguir loxicamente que o pobo de Ares volva a ter un plan de urbanismo que todos os veciños e veciñas loxicamente demandan, porque amparan uns intereses nestes momentos moi importantes e que veñen amparados loxicamente por un dereito fundamental, que é o dereito da propiedade, en consecuencia xa dixen que por este tema que pode ser, que este subsanado pola aceptación de todas as alegacións presentadas no prazo de 30 días desde calquera das datas publicadas do inicio, eu penso que é excesivo loxicamente pedir a suspensión do proceso, tratándose dun proceso loxicamente tan importante, o segundo punto –que con carácter urxente se traslade o documento elaborado– evidentemente, claro que vamos a trasladar o documento á Comisión Municipal de Urbanismo, e o terceiro punto –que unha vez concluído o debate se traslade o documento resultante á Concellería de Medio Ambiente Infraestructuras– pois foi efectivamente o que xa pudo ter tido lugar, en consecuencia eu penso que xa empezamos a estas alturas con cuestionamentos tan importantes relativos ao PXOM que é vital para o Concello de Ares, e temos unha Xunta coa que é moi difícil, non porque se trate dunha Xunta Gobernada polo Partido Popular, e que temos unha Xunta chea de técnicos que lles importa efectivamente un ovo o que pasa en Ares, e que en cada un dos informes pois practicamente son pedras e obstáculos para a tramitación dos Plans e a parte de ser lentos porque o son,



efectivamente en calquer caso sen dúbida algunha o feito de que nestes catro anos con 315 concellos en Galicia que so teña Plan un tercio, xa indica o complicado do proceso, por eso non o compliquemos nos aínda máis, entonces pediría efectivamente que se retire a Moción, porque loxicamente penso que o tema non presenta a gravidade que dí o voceiro do BNG porque en calquer caso se publicou a data inicial tres veces, bueno pois que viu a segunda conta trinta días desde a segunda, e se presentara alegación e a desestiman por ese feito porque está fora de prazo porque por exemplo lle dan validez á primeira publicación, hai temos un problema porque virá un veciño pola porta, e dira aquí houbo tres datas eu fieime da segunda e me din que a miña alegación esta fora de prazo, aquí non hai ese problema todas as alegacións presentadas se tramitaron, entonces que problema hai, ser exquisitos efectivamente no computo duns prazos para quen non presentou alegacións, ¿que dereitos estamos amparando volvendo a dicir que se publique?, os dereitos de quen non fixo alegacións, hai que amparar os dereitos de quen si as fixo, e todas foron admitidas, entonces loxicamente eu vexo excesivo condicionar a tramitación dun PXOM por un tema que efectivamente pudo loxicamente subsanarse tal e como efectivamente parece de feito tácito insinua a propia xunta que continua co proceso, entonces eu pediría loxicamente que a Moción se retirara e en todo caso nos votariamos loxicamente en contra.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Eu xa o expliquei en Comisión Informativa, non sei se foi en Urbanismo, ou na Xunta de Voceiros, algún membro do BNG, que esto estábamos obrigados a un cronograma que marcaba unhas datas en base á proxección que fixo a Consellería, de feito como ben sabedes é un documento técnico que o que se fixo foi tramítalo á Xunta, e a competencia da exposición pertence á Xunta, si é verdade que houbo un fallo en canto á exposición que a mesma Xunta corrixeu, eso é evidente que foi así, en canto se é un mes ou dous meses, imaxino que eles manexaran ben as súas competencias e aquí sobre o punto de vista de transparencia non hai nada que ocultar, desde o Concello no momento que su puxo en coñecemento se enviou un oficio á Xunta, para que diga se pode haber algún tipo de prexuízo á hora de tramitar o Plan, polo tanto eu creo que aquí a importancia que se lle quere dar eu non a vexo por ningún lado, en canto á transparencia de que vai ir o documento a Comisión non cabe a menor dúbida, e ademáis aquí unha vez que xa parece ser, que xa a Xunta envía ó Concello, o oficio conforme xa da por rematada a exposición pública despois de que Augas de Galicia a Dirección Xeral de Montes e Camara Oficial Mineira de



Galicia que fixeran o informe preceptivo, eu creo que a partir de agora é cando hai que empezar a traballar temos un longo camiño por percorrer en canto a este tema, fácil non o é porque xa sabemos no 2005 houbo unha resolución onde nos poñían metade do Concello fora de Ordenación, eu creo que o tema que a partir de agora, é dirixirse á Xunta e que nos marque o camiño para o desenrolo do documento haber por onde podemos ir, e mentres tanto non teñamos as directrices xerais como ven dixo o Sr. Alcalde, eu creo que o Plan esta no aire, nos pouco podemos facer, poñer tal, se as directrices da Xunta no van por ahí. Sabedes que hai un Plan que foi anulado por sentenza do Tribunal Supremo, que a Xunta parece ser non sei eu non fun a ningunha reunión posterior a eso, non quere recoñecer ningún desenrolo do ano 1999, co cal xa vos podeades imaxinar a dificultade que conleva eso, non recoñece os núcleos rurais, deixa urbanizacións fora de ordenación, entonces ahí cabe unha negociación política que nos dirixa as directrices por onde podemos nos tirar, e a partir de ahí traballar todos, xa digo eu non lle vería maior importancia porque ademáis a competencia é da Xunta, a Xunta da por bó emite o oficio dicindo que as alegacións das Administracións que están implicadas na avaliación ambiental estratexica xa emitiron o informe, polo tanto eu creo que esto é un paso adiante, e o que nos obriga é a traballar todos nesta dirección, haber si somos capaces de quitalo, polo tanto miña intervención remata aquí dicindo que eu non lle vexo moito sentido as peticións que fai aquí en canto os tres acordos da Moción, porque como se dí que esto vai a ir a Comisión unha vez nos remitan o documento para empezar a traballar.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular D. José Manuel Cendán Fernández : Eu creo que aquí a nos se nos quitaría a dúbida se por parte do Sr. Secretario se nos informará se nos fixera un informe, nos queremos saber Sr. Secretario se o proceso administrativo por parte da Xunta de darlle validez, se eso ten legalidade ou non ten legalidade, se haberá que volver a empezar o proceso de novo como di o BNG ou se o proceso sigue, e se corríxen as deficiencias que poida haber, nos temos esa dúbida que nos resposte o Sr. Secretario e así votaremos, senón non podemos, porque aquí se está acusando de que o proceso é irregular, e que se volva o proceso ó inicio, entón nos queremos saber se por parte da Xunta con facer estar rectificacións, ten vólidez e se pode seguir co proceso adiante, ou hai que volver a empezar.

Interven o Sr. Secretario: Nos non somos quen para entrar a calificar a actuación da Xunta de Galicia, a lei establece que se remitirá á Xunta de Galicia o documento de Inicio, a Xunta de Galicia establece que someterase a información



pública en función do Plan ou programa, eles someteron a información pública tres veces, correxiron e entrou o documento de referencia, co cal está rematado.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán, entónces nos si o proceso é legal, o proceso rematado pola Xunta é legal, non cabe ningunha dúbida que é así, ¿non é como dí o BNG de que hai que empezar de novo?.

Resposta o Sr. Alcalde, o terá que dicir a Xunta e Urbanismo, e dicir para a Xunta esta ben, é un tema de competencia autonómica, e eles a consideran evacuada, a Xunta considera a competencia evacuada, a dinámica que é que nos lle digamos a Xunta como ten que facer as cousas e ser quisquillosos nos seus trámites e logo esperar que eles non sexan quisquillosos nos nosos trámites, si para eles esta ben, ¿Qué lles vou a impugnar eu?, esto é un toma e daca onde hai que ter efectivamente pois unha situación de negociación complicada que temos que salvar nove nucleos rurais, entónces nos advertimoslle en función do escrito do BNG da constatación deste feito, eles dín que o trámite esta evacuado e correxido, é un trámite deles non noso, entónces eu pediría que este Pleno de por evacuado o trámite que a propia Xunta considera por evacuado, a propia Xunta di que o trámite esta feito, é mais nos envía o documento de referencia para seguir a tramitación do Plan, que lle vamos a dicir que non nos vale.

Sr. Manuel Cendán, eu preguntaba se é legal e se esta ben.

O Sr. Secretario resposta que lles corresponderá eles, os prazos son: remitido o documento de inicio, teñen 3 meses para devolver o documento a referencia 3 meses, e os dous meses que falades vos e no proceso de integración da aprobación inicial que antes era un 1 e agora son dous meses, se refire a aprobación inicial non a exposición pública.

Sr. Alcalde: A aprobación inicial aínda non a fixemos, eu penso que si vamos a examinar a legalidade dos pasos da Xunta, e que nos vamos a eternizar na tramitación do Plan, aparte que non nos corresponde a nos examinar a legalidade dun trámite que non é da nosa competencia.

Sr. Luis Cendan: Eu creo que esto xa non da para máis, ademáis a competencia municipal quedou ben clara cando o Concello manda un oficio á Xunta para que se aclare a situación, si recoñecen a legalidade do tema, eu creo que non da máis xogo esto.



Sr. Alcalde: Aquí cada un ten velar por facer os seus trámites ben, e nos como Concello os estamos a facer ben, e máis, avisamos por escrito dunha posible coxa deles, nos fumos dilixentes, detectamos esa dobre publicación e o puxemos de manifesto, e eles din que non pasa nada, hai que seguir non hai alegacións, non hai interesados perxudicados, aquí quen computou os trinta días desde calquera das datas se lle admitiron as alegacións, non hai perxudicados, para recurrir en dereito hai que ter unha lexitimidade activa, a lexitimidade activa é do interesado, non hai perxudicados interesados, para que vamos a volver a poñer todo desde o principio se non hai ninguen que quedou fora, estamos diante do principio de economía procesal, que consiste loxicamente en mater as actuacións administrativas, porque efectivamente o principio de conservación do acto así o dí, se non hai dereitos importantes afectados e cuestións de nulidade, bueno pois o principio de conservación do acto se non hai perxudicados, e conservar o acto, por un principio de economía procesal, entónces a Administración Autonómica conserva o acto, bueno pois é un tema da súa competencia, non son eu quen para decirlle que non o ten que conservar, si considera que pode salvarse o acto, polo principio de conservación o conserva, eu que lle vou a dicir que non o conserve.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: A Lei Galega de Medidas Urxentes en materia de ordenación do litoral, establece “Regulación Ambiental, están sometidos a Ordenación Ambiental Estratéxica os seguintes instrumentos:b) Plans Xerais de Ordenación Municipal,”. O Organo promotor elaborara un informe de sostenibilidade ambiental de acordo, O Plan aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran inclue o Informe de Sostenibilidade Ambiental, sometido a información pública e consultas durante un prazo mínimo de dous meses, que coincide coa aprobación inicial do Plan, cando é aprobación inicial se somete novamente a información pública, entónces aquí se somete o informe de referencia, sin embargo a Xunta de Galicia pon no parágrafo 7 “O Organo ambiental no prazo de tres meses desde a recepción da documentación elaborará a memoria ambiental cuí as determinacións terán carácter vinculante e deberán quedar reflexadas no documento do Plan que se aprobé de forma provisional e definitivamente. E dicir a Xunta de Galicia ten tres meses para devolver o documento de referencia, e logo unha vez aprobado provisionalmente o Plan deberá sometelo a información pública por período de dous meses tanto o documento de referencia como a aprobación inicial. A Xunta de Galicia estableceu un prazo en función do Plan o trámite que se trate.



O Sr. Alcalde Presidente, que este é un acto da Xunta, polo que pide que se retirase a Moción.

Toma a palabra o Sr. Mesias Farias: quería puntualizar un par de cousas, nos coincidimos en que é un documento moi importante, e entonces nos queremos que os pasos que se vaian dando que sexan firmes e que non haxa lugar a dúbidas, entonces aquí quen se está a complicar é a Xunta, e aquí o recoñecemos todos, nos dicimos que o Concello fai o papel, e tamén recoñecemos que si hai alguen que erra pois que erre, pero o que hai aquí é un detalle, que nos somos o órgano promotor, os interesados en que esto vaia ben, somos nos, entonces nos entendemos que debemos esixir polo menos que nos den unha contestación, e ahí acabades de dicir que entrou o documento de referencia, polo tanto a Xunta xa se pronunciou o documento a mín me parece que foi nun prazo record, me parece, se hoxe estamos a 26 de xaneiro e xa entrou o documento de referencia, cando tiñan tres meses para respostar, me parece demasiado rápido non, despois decides que a Xunta que entende que está ben, e nos non temos constancia de que a Xunta respostará ao que lle preguntou o Concello que era a respecto de que si esas datas que foron catro, non foron tres que foron catro, e que ademáis o penúltimo prazo remataba máis tarde que o último, entonces claro a nos nos xurden todas estas dúbidas non, e logo que nos entendemos que a Lei 9/2006 di que a fase de consultas sobre a versión preliminar, eu entendo que a versión preliminar é esta, do Plan aprobado que inclue o informe de Sostenibilidade Medioambiental implica as seguintes actuacións, hai di posta a disposición do público, consultas das Administracións Públicas afectadas e o público interesado que disporá dun prazo mínimo de 45 días para ser examinados e formular observacións, claro hai si que concreta os prazos.

O Sr. Alcalde di que eso é lexislación Estatal.

O Sr. Mesías Farias di que na Galega non concreto os prazos,.

Sr. Alcalde: A Galega si que concreta, di os que diga en función do programa, os que eles estimen en función do programa, e neste caso cando a competencia é autonómica, que é a ordenación do territorio, está claro que a lexislación autonómica exclue a Estatal, a Estatal aplicarase en Murcia que o mellor non ten a Autonomía competencia sobre a Ordenación do Territorio, entonces neso dos prazos eu o consultei e o de 30 días é o xenerico, aplicaron a nos e a outros Concellos que fan PXOM, non aplicaron o de 30 días so para Ares, tamén o está facendo A Capela, eu preguntei e me dixo que lle aplicaron 30 días, debe ser o que se aplica os Concellos da nosa medidita, claro eu non digo que eso o apliquen A Coruña, A Coruña



seguramente non, pero Ares e A Capela bueno, trinta días é máis que suficiente somos trinta mil habitantes.

Rematado o debate sometese a votación a petición da Alcaldía de que o tema quede enriba da mesa, porque considerar que é un trámite de competencia Autonómica, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 1 NAL), 2 votos en contra (2 BNG) e 4 abstencións do Grupo Municipal do P.P, acorda deixar o asunto sobre a mesa.

C) MOCION DO BNG: Rexeitamento medidas Real Decreto Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria.

Dase conta da Moción do BNG sobre o Rexeitamento Medidas Real Decreto Lei 20/2011 de medidas Urxentes en materia orzamentaria que seguidamente se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impon unha suba dos tipos de gravame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0,60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora venen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos, acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012.

Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, vendóse abocados a un incremento que



vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos, coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais, correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos, e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de grávame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.
2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.
3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:
 - a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.
 - b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e



dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordó ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Fernández Permuy: Bo día a todos e a todas, esta é unha Moción que o BNG ven de presentar en todos os Concellos de Galiza, logo de que o Goberno Central aprobara o Real Decreto Lei 20/2011 onde inclue un incremento do IBI aínda que sabemos que ó noso Concello non lle vai a afectar porque non entra dentro das datas de aplicación, pero bueno nos aquí vemos invadidas as competencias locais e aínda por riba tamén vemos que perxudica gravemente á cidadanía, este tipo de gravame sube un 10% as revisións catastrais anteriores ó 2002, un 6% as que se atopan entre o 2002 e o 2004, e un 4% as comprendidas entro o 2008 e o 2011, todo isto tense que ter en conta a actualización das taxas que fixeron os Concellos, antes do 1 de xaneiro deste ano, polo tanto con estes datos dende o BNG vemos que a maior subida do 10% afecta un 70% dos Concellos da Galiza, enton non so é que afecte os Concellos senón que afecta a cidadanía que é quen soporta as subidas deste IBI e tamén supón indudablemente un ataca frontal a Autonomía dos Concellos que son os que mellor velan polos veciños e que saben a situación que esta vivindo cada veciño, polo tanto dende o BNG se pide :

- 1 Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de grávame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.
 - 2 Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.
- 3 Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:
- a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.



b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordó ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL SR. Luis Cendán: Moi brevemente, o voceiro do BNG afirmou que o Concello de Ares non lle repercute en nada, eso non é decilo e quedar ahí o tema, ó Concello de ares non lle afecta porque se viñeron facendo os deberes ben, porque si non se houbera feito a revisión do 2006, hoxe entraríamos no paquete da subida do IBI, se ti fas un agravio comparativo dos demais Concellos, independentemente de que o imposto sexa un motivo de demagogia e sexa antipopular, porque todas as subidas sabemos que son antipopulares sobre todo as dos impostos pero ti sabes a situación real na que estamos, que os Concellos a parte de estar afogados economicamente, o goberno a situación que ten de déficit busca unha solución a través do IBI, e resulta que claro a hora de aplicar a Lei houbo Concellos que non fixeron os deberes, esa é a realidade, pois a eses que non fixeron os deberes teñen que tratar de igualar con os que foron facendo as cousas como se teñen que facer, nada máis xusto, porque nos vamos a pagar máis de IBI que os de Mugardos, por poñer un exemplo que non sei se o adoptou ou non adoptou no ano 2006, onde esta a igualdade, entón comprenderas que a súbida de Impostos é un tema antipopular, pero a situación é a que é, o xusto será que todos en función duns parámetros paguemos todos igual, agora neste Concello se acaba de subir o IBI, e aínda quedando por baixo de moitos Concellos, pero hai moitos outros que non chegan nin ó 40%, eso non é xusto, porque os cidadáns de Ares temos que pagar unha cantidade e os de Moeche outra, polo tanto eu sei que se poden facer moitas argumentacións con respecto a isto pero eu desde logo, o vexo bastante xusto a situación que esta caendo que o que menos pague, que se vaia igualando ó resto de Concello, polo tanto miña posición vai a ser a abstención.



Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: Eu creo que defineu correctamente o voceiro do BNG que ó Concello de Ares non lle afecta, creo que xa se manifestaron algunhas situación das que se acometeron nos últimos anos, pero deixar claramente aquí que o IBI é unha competencia local que a recadación lle corresponde ó Concello e a repercusión é do Concello, non é certo que se lle está quitando autonomía local, e eso se rixe polo Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, creo que o incremento de recadación por parte dos Concellos, dicir que a situación de crise económica que están agobiadas tanto os Concellos como as Comunidades Autonomas, e as Deputacións e teñen que facer unha devolución ó Estado dos exercicios 2008 e 2009, creo que esto vai a beneficiar as arcas municipais que son as que teñen que dar os servizos e se encontran nun agobio económico bastante grande, creo que este imposto foi aprobado con límite dun ano, que os tipos de gravame pasan dun 0,4 a un 0,6 e que ten limitada a súa autonomía; ao mesmo tempo nos queremos deixar claro que por parte da Moción do BNG se di que por parte dos Concellos se ten que recadar máis e por outra banda están rexeitando este Decreto, creo que esa non é maneira de proceder, as Entidades Locais teñen unha situación precaria xeralmente, e creo que isto ben a suplir moitas situación a parte de que recentemente polo Goberno Central se anunciou que polas Comunidades Autonomas e os Concellos que as aportacións que tiñan que devolver que pasan de cinco anos a dez, creo que eso xa é un agobio económico que viñamos pagando, que tiñamos que devolver, que é unha situación que é un balón de osíxeno para que as Administracións poidan non verse asfixiadas nos tempos que estamos correndo, creo que non cabe moita dúbida, que rexeitar a Moción único que por parte do BNG, nos presentamos aquí unha transaccional, se se admite que sería:

“Instar ó Goberno de España para que proceda a una reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que os criterios de reparto da participación dos Ingresos do Estado se teña en conta o maior custo dos servizos no noso País, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento, “. Nos si se recolle esta transaccional a votaríamos e senon rexeitaríamos a Moción.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Socialista Sr. Fernandez Lago: Noso grupo entendemos que vamos a apoiar este rexeitamento, pero entendemos o seguinte: que por parte do Goberno Central, se cometeu un fraude electoral, por activa e por pasiva se nos dixo en todo momento durante a campaña que non se ían a subir os impostos, ese foi o seu gran lema de campaña, e á primeira de cambio o que fan e pegarnos na cara e o que fan é subir os impostos dunha maneira bastante forte. Evidentemente este Concello tiña os deberes feitos como ben se dixo aquí, e a nos non nos afecta,



pero evidentemente a medida nos parece totalmente inxusta, nos volvemos a repetir que fixemos unha súbida do IBI, moi moi escasa respecto a outros Concellos cercanos como pode ser Neda estamos 3 puntos por debaixo deles, pero sí e verdade que esta medida nos parece totalmente inxusta, polo tanto nos vamos a votar a favor da Moción.

Interven novamente o voceiro do BNG Sr. Fernández Permuy: Ben eu quería aclarar un temiña, os Concellos que revisaron o IBI no 2002 e no 2004 ¿tamén fixeron os deberes, non?, e os que o revisaron no 2008 e no 2011 tamén, e se lles sube un 6 e un 4% respectivamente, e hai Concellos que lles suben un 6 e un 4 e están por riba de Ares, non samente Ares senón tamen o fixeron os demais Concellos.

O Sr. Alcalde, di que facer a revisión no 2008 ou no 2011, significa como moito que revisaron hai pouco, pero non que revisaran ben, eu podo revisar no 2008 cunha subida do 1%, entonces o Goberno a quen ten uns IBIS equitativos dentro dun marxe razoable non os afecta, quen loxicamente por IBI negase a recadar o que debía, o impon o Goberno, entonces non é certo e dicir que os que revisaron no 2008 non significa que o fixeran ben, nos o fixemos ben, porque nos estamos dentro dos marxenes que debemos estar, por eso non nos afecta.

O SR. Fernández Permuy, haber Julio igual hai Concellos que tamén están dentro deses marxenes, e tamén os revisaron.

Resposta o Sr. Alcalde que a quen lle suben e a quen ten uns tipos impositivos de risa, esa é a verdade Anxo, a quen ten uns tipos impositivos de risa, a quen ten uns tipos impositivos de risa non lle suben porque xa estamos loxicamente equiparados, hai uns marxenes, entonces é certo, hai situación que loxicamente están corrixidas porque o nivel de recadación loxicamente está nun baremo aceptable, hai abusos, hoxe en día da vergoña recoñecelo, aínda hai Concellos que non cobran a auga, que non cobran a recollida do lixo, que non fan política fiscal, porque o mellor e quedar ben cos veciños, pero hoxe hai que facer política fiscal, entonces os gobernos que non a fixeron a fai o goberno por eles, que pasa que a fai un goberno que mentiu, a fai un goberno que dixo por activa e por pasiva que non ía a subir os impostos, ese é o gran drama deste Goberno, a fai un Goberno que mentiu á cidadanía nas pasadas eleccións, polo tanto nos vamos a votar a favor da vosa Moción, porque o Goberno non está lexitimado para facer isto porque non lle dixo á cidadanía que ía a facer isto, e máis lle dixo á cidadanía todo o contrario, que subir os impostos era o propio de Zapatero, entonces por eso vamos a votar a Moción, agora é certo o que di Luis, porque quen ten



os deberes feitos xa non ten impacto, porque o impacto o tivemos nos aprobando no Pleno e poñendo a cara, e dicir subimos tres puntos como fixemos efectivamente en Decembro, os que no 2008 fixeron unha actualización sen subir nada agora a suben.

O Sr. Fernández Permuy: decirlle o voceiro do PP que non vamos a aceptar a emenda transaccional, estamos de acordo con que os Concellos que se debe mirar as economías dos Concellos, reformando a Lexislación Local, hai si estamos de acordo, nos non vamos a retirar a nosa Moción.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Eu simplemente dicir que non vou a entrar en temas de índole político, porque razóns haberá, e o fondo da Moción está claro que é político, está foi unha medida que tomou o Goberno Central, e uns por unhas razóns e outros por outras se posicionan, pero o que está claro que a situación é a que é, o IBI é un imposto Municipal, polo cal hoxe gracias a Deus no caso concreto que nos ocupa que é o de Ares, é o que pode solventar un pouco a situación, e é a única forma dada que a construción o ICIO non se vai a recadar para a maioría dos Concellos, é a fonte de ingresos máis importantes que teñen as Administracións Locais, en canto os gastos que ti argumentabas das revisións do 2008 e todo eso, claro eso así dito no papel, ti sabes que unha cousa é aplicar os índices que hai que aplicar, incluso os valores catastrais das vivendas, que seguro non están na situación do mercado, polo tanto o goberno pon uns parámetros, para que se cumpran e o que non os cumpre lles aplica estas porcentaxes, eso esta baseado nun estudio, nunhas estadísticas, e os Concellos que non cumpren eses obxectivos lles aplican ese porcentaxe, eso non hai que ser moi listo para entendelo, o tema ten unha carga demagoxica importante, porque subir as taxas non lle gusta a ninguen, entonces facer política con ese tema nestas circunstancias a mín me parece lícito, pero non teño que dexiar de recoñecer que a situación é a que é e ademáis por onde veñen os tiros e en que está baseada, cada un é responsable de facer a política que queira, polo tanto o meu voto vai a ser a abstención.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Nos en primeiro lugar non solicitamos que retirades a Moción, nos prentamos que manteñas a Moción, pero con esa transaccional, cun punto 5 nada máis. Con respecto a intervención do Sr. Alcalde e do Voceiro do PSOE, dicir que sí e certo que houbo que tomar unhas medidas que o Partido Popular na campaña había presentando a non subida de impostos, pero dicir que a entrada do goberno por parte do Goberno anterior se mentiu, se pasaron datos oficiais engañosos, ata no mesmo debate da toma de posesión do Presidente do Goberno, por parte da Vicepresidenta Económica do anterior goberno, alí cando o



candidato a Presidencia do Goberno o SR. Rajoy estaba falando dos datos estaba falando do 6% a Sra. Vicepresidenta Económica dicía que sí que era o 6%, tres ou catro días despois nos atopamos que era un 8,2%, estamos falando de 26.000 millóns de euros, dicir claramente tamén que o compromiso por parte do Goberno do Estado, que isto vai a ser puntual e que vai a ser a un ano, para corrixir esta situación e baixar a debida ó 4,4%, eso é a verdade e o resto de engaños, o que enganou non so as Comunidades Autónomas e os Concellos foi o Partido Socialista, eu creo que a situación é a que hai, e que se atoparon cun furado de 26,000 millóns de euros, que esa é unha cantidade considerable que hai que asumir, e o goberno que tivo que ser valente e tomar as medidas que houbo que tomar, que a situación é lamentable estamos en recesión cun 5,3 millóns de parados, e a situación de herdaron é unha situación precaria, e dun país en recesión xa o dí todo, nos non estamos pola retirada da Moción, a autonomía Local esta tocada, e hai que facer unha Lei para financiar isto, e máis en Galicia, esta é unha aposta que se ven facendo por parte da Xunta de Galicia, xa gobernada polo PP ou gobernada polo bipartito, de esta reclamación porque nos temos unha poboación cunha extensión, temos máis núcleos de poboación que toda España, creo que isto ten que ser considerado, eso ten que ser recoñecido sexa o goberno que sexa, non e o mesmo facer unha obra para levar un servizo en Galicia que facelo no resto de España. E con respecto do tema do IBI da recadación que había Concellos que cumprían ou non cumprían eso é verdade, hai que facer unha política fiscal, unha Administración Moderna, que hai aínda hoxe Concellos que non se pagan impostos, eso é insolidario porque ó final eses Concellos teñen unha recadación e teñen que tirar da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial ou do Goberno do Estado, e creo que eso é inxusto totalmente. Que dicir que por parte da Deputación Provincial e a Xunta de Galicia, que os Concellos que non cobren impostos non van a recibir axudas, eso está aprobado xa e os Concellos que non modernicen a situación e non cobren impostos non van a percibir axudas, eso esta ben aquí todo o mundo ten que participar, e todo o mundo ten que pagar, o final porque fixeron mal as cousas e son insolidarios, o final sae todo do mesmo bolsillo e son os cidadáns os que pagan as consecuencias.

O Sr. Alcalde pregunta o voceiros do BNG se acepta a emenda.

Resposta este que sí.

Sr. Alcalde: Aceptada a emenda como punto 5 dos acordos a tomar, sometese a votación e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.



Acto seguinte e antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, pregunta os voceiros dos grupos se teñen alguna Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia, non presentándose ningunha.

PUNTO NÚM. 12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Un par delas: Na reorganización das Comisións Informativas, no documento que presentou o PSOE, a composición da Mesa de Contratación non ben nas Comisións, eso é porque se vos pasou.

Resposta o Sr. Alcalde, porque queda igual.

Sr. Mesías Farías: A outra pregunta, erá a respecto da Xunta de Goberno Local, vemos que ahí se fai o cambio ó reincorporarse Alma, pero nos sorprende que se deixe fora á responsable de urbanismo, porque entedemos que é unha area moi importante e debería estar na Xunta de Goberno, máximo cando se deixou unha praza, porque se poden cubrir un tercio, nos sabemos que esto é competencia do Alcalde e que non temos nada que dicir, simplemente se hai algunha cuestión do porque desa vacante.

Resposta o Sr. Alcalde, que a razón e que a Alcaldía Presidencia, preside todas as Comisións, entón todo o que vai a Urbanismo eu o vexo, o que vai a Servizos Sociais eu o vexo, pero o que ven por exemplo José Juan na rúa, ou o que ve Alma falando cos de servizos o contan, ou eu loxicamente non o sei, os demais os vexo na Comisión que presido, en consecuencia está o voceiro normal porque temos que diseñar as políticas de grupo, e despois esta Alma e José Juan porque efectivamente teñen unhas situacións onde moitos dos temas non van a Comisión, todos os de Urbanismo e os de Servizos Sociais tamen, e xa as presido eu, e en urbanismo temos unha situación de cara á elaboración do Plan uns traballos que os coordina Luis o de NAL, pois efectivamente Luis de NAL, tampouco está na Comisión de Goberno, porque neses temas o Alcalde ten información directa, a parte de deixar un Concelleiro do PSOE fora non me parece, porque somos 6 e na Comisión pode haber 5, deixar un so fora, non me parece moi ético e podería ser obxecto de malas interpretacións, e eso tamen axuda a que non haxa malas interpretacións.

Interven o Voceiro de Partido Popular, Sr. Manuel Cendán: En primeiro lugar quería que nos explicaras que aquí hai unha resolución que se fai por parte de Dona María Blanca Cortizas que é a Directora do Colexio con respecto a un traballador do



Concello e que por parte do Concello se abreu un expediente informativo, queremos que nos informes porque parece ser que o tempo cando vai pasando lle pon a un ou lle quita a razón, nos aquí no goberno que me tocou a mín vivir, tivemos discrepancias, bastantes disputas polo tema do conserxe do Colexio, o tema das competencias se tiña que facer ou non facer as labores, tiña un rechazo unánime por parte dos traballadores do almacén, e o final nos vemos aquí nunha situación que o final hai algún comentario, pero eu quero que por parte do Sr. Alcalde se nos explique aquí a situación, posto que nas Comisións de Persoal, non se deu conta desto, este é un tema da Comisión de Persoal, e ademáis un tema importante como este, nos temos a curiosidade de saber porque se chegou a este expediente informativo, e cales son os enfrontamentos entre a dirección do Colexio e o Traballador Municipal.

Resposta o Sr. Alcalde: Eu creo que efectivamente este tema ven motivado por un cambio na dirección do Colexio, porque como comprenderas Manuel, José Carlos Pérez Manteiga é o mesmo, a José Carlos Pérez Manteiga non o cambiamos, a Freire lle valía, entónces se a Freire lle vale, sabendo que é persoal Municipal ó servizo da Dirección dun Centro, se a Freire lle vale non hai conflito, na túa época a Freire lle valía, agora efectivamente cambia a Dirección, bueno pois á nova Directora non lle vale, o que cambia é a Dirección do Centro, non cambia o traballador que é o mesmo, a dicir a nova Dirección respecto deste Traballador ten outras expectativas, e entónces este traballador considera que súas expectativas son as de sempre, as que se reproducían con Freire de Director, e Blanca di que non, que Freire era un Director pero agora a Directora é ela, entónces hai se produce un conflito, que ti non o tiñas porque a Freire lle valía, a tin non te protestou o Director do Colexio, a mín si me protestou a Directora do Colexio, entónces teño que abrir un expediente informativo que lle digo que paso dela.

O Sr. Cendán di que a mín me protestaban os traballadores do Concello, e presentaron máis de 40 escritos, e a APA, cada semana tiña unha reunión con eles.

O Sr. Alcalde, di que a aquí é a Directora, a Directora di que aquí hai un problema, entónces é o que cambiou, José Carlos segue sendo o mesmo, e posiblemente siga a facer o mesmo, con Freire non había conflito, a Freire lle valía, viu unha nova Directora e di que a mín esto non me vale, e claro hai que abrir un expediente informativo, se nomeou loxicamente un Instructor e hai que escoitar as partes, agora está claro que aquí hai un conflito entre o traballador e a dirección do Colexio, esta claro que a Dirección do Colexio é nova e presenta outras expectativas, e o traballador



que di que non que esas novas expectativas, que el estivo no Colexio con outra dirección e non lle pedían eso.

O Sr. Manuel Cendán: Eu creo que entro una etapa de Vila, cando se convocou a praza, nas bases están as competencias do conxerse e ten que estar recollido en algún lado máis, e por eso nos temos que rexir, e temos que saber se cumpre ou non cumpre estas obrigacións, eso é o mínimo que hai que facer.

Resposta o Sr. Alcalde, que é o que vamos a ver no informe, pero vamos conflito co Concello ningún.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán, creo que apuntabas ben cando dicías que o tema era da dirección do Colexio e o traballador, que pasa que o traballador facía e seguramente segue a facer o mesmo, entón había un conflito entre o encargado e el, sobre as competencias que o mesmo contrato definían que non as quería facer, que pasaba que o Colexio ó Concello lle mandaba periódicamente un escrito onde había unhas irregularidades en canto a limpeza, roturas de grifos, etc., se lle enviaba o traballo ó traballador se lle daba a orde e o traballador do Colexio, este dicía que non tiña tempo, é máis o amparaba cun escrito xustificando polo Director do Colexio, polo que non podes actuar. Xusto agora o contrario, cambia a Dirección do Colexio e seguramente este segue facendo o mesmo pero a Dirección non o xustifica, outra cousa foi o que se derivou de ahí, unha desautorización dos Concelleiros, eso xa é outro cantar, pero eu creo que o tema o enfocaches ti moi ben, que agora a Directora ve o que fai, e di que isto non me vale para nada e non esta disposta a xustificalo, e ese é o problema.

O Sr. Alcalde di que hai un Instructor nomeado e agora escoitadas as partes veranse as obrigas lóxicamente do traballador, e lóxicamente a Dirección do Centro terá que respetar o contrato que ten este traballador, en consecuencia instruírase o expediente informativo e adoptárase unha solución.

O Sr. Manuel Cendán: Con respecto ó de Konkreto, diante da serie de contenciosos, e co fin de aclarar, queremos que se nos diga cal é a situación real desa urbanización.

Resposta o Sr. Alcalde, que a situación real e que hai lóxicamente uns informes técnicos, que determinan con claridade que é o que ten que exucatar KONKRETO para que lle den licencia de primeira ocupación, e o resto son consecuencias do conflito que existe ahí, existe un veciño que se considera perxudicado e que inicia



procedementos con toda a lexitimidade, e logo tamén hai compradores que compraron pisos que logo resulta que era oficinas.

O Sr. Manuel Cendan pregunta e agora o Contencioso que ven de Vigo.

O Sr. Alcalde resposta, que nos non lle damos a licencia de primeira ocupación, e eles consideran que teñen dereito a licencia de primeira ocupación, o non darlles a licencia de primeira ocupación consideran que lles fixo dano, e loxicamene piden Responsabilidade Civil Patrimonial, se consideran que a actuación do Concello non se correspondeu a Dereito, agora temos Sentenzas onde amparan as nosas suspensións, ata agora non perdimos ningunha Sentenza, e se dixo que a suspensión non fora correcta. Eles teñen a sede social en Vigo e todas as denuncias son en Vigo.

O Sr. Manuel Cendán: pregunta polo tema da calefacción que pasa, eu veño todos e cando levo dez minutos ou un cuarto de agora abaixo non se aguanta de frío.

Resposta o Sr. Alcalde, eu non teño calefacción no meu despacho, non a quero para aforrar, eso é de cada un, entón eu no meu despacho a teño pechada sempre, veño con budanda e non me desabrido, entón eu persoalmente son partidario de que os responsables políticos tomemos conciencia, os traballadores non, os traballadores que cada un faga o que queira, se queres que se te poña a calefacción vai Agustín a mirar o que pasa.

O Sr. Manuel Cendán, eu non son moi usuario da calefacción, a teño apagada moitas veces, pero cando votas unha hora ou dúas horas alí quieto sen calefacción, te colle o frío.

O Sr. Alcalde, te digo que calefacción hai, gas-oil tamén hai, e eu no meu despacho de momento a pechei, a teño pechada desde sempre, eso significa que funciona, e eu entrei en despachos de traballadores e alí funciona perfectamente, mandaremos o técnico a mirar, porque ó mellor hai algo co aparato que tes ti concretamente, agora coa calefacción non pasa nada, uns a teñen apagada e outros a teñen encendida pero funcionar funciona, entón será unha cuestión do radiador e vamos a mirar se esta atascado ou pasa algo.

O Sr. Fernández Permuy: Nos queríamos saber a que se debe a Resolución da Alcaldía núm. 3/12 onde se lle concede o Clube Nautico de Ares, unha achega económica por importe de 5000 euros para o desenvolvemente de diversas actividades, máis que nada porque o Clube Nautico no tiña solicitada a axuda do ano 2011, entón claro queríamos saber un pouco a que ben esta subvención.



Resposta o Sr. Alcalde: No orzamento figuran subvencións nominativas e subvencións que loxicamente van a concurrencia competitiva, hai unha seire de actos que non va concurrencia competitiva porque son fixos, con este concretamente eu me atopei, é a regata Concello de Ares, eu non a creei, desde que eu cheguei a Alcaldía o Concello paga a Regata "Concello de Ares", igual que paga a regata de traíñas do clube de Remo, entonces claro o que acontece sempre vai nominativo porque mentres axa regata de traíñas Concello de Ares, o que acontece sempre se lles da nominativamente, e logo cada un ahí elixe, por exemplo o Clube Nautico se lle da nominativamente a que financia a Regata, por certo eu non a creei, me dixeron que era o que se lles viña dando, pero non van a outra subvención, non van concurrencia competitiva na outra xa non a solicitan, porque consideran que xa se lles da bastante. O Clube de Remo se lle paga a regata de Traíñas, pero bueno ademáis efectivamente, unha cuestión de potenciar o deporte de base e de dignificar os nosos remeiros. Se os demáis clubes fan a regata no seu Concello, os nosos remeiros tamen, e estes tamen solicitan a de concurrencia competitiva, porque, pois porque teñen desplazamentos a Sevilla, e outros lugares e teñen moitos gastos que ó longo do ano son difíciles de soportar.

Interven o Sr. Sixto Galiano: O Partido Popular solicitou un Pleno Extraordinaria que legalmente vaise a celebrar o día 30, e dito esto na última xunta de Voceiros, teño entendido que por non retirar a solicitude, solicitou o Sr. Alcalde a súa retirada, que ía a quitar unha nota de prensa dicindo que se ía a celebrar o Pleno Extraordinario simplemente para cobrar o que é o Pleno.

Resposta o Sr. Alcalde que non sacou a nota de prensa porque a Xornalista estivo de baixa.

O Sr. Sixto Galiano: dito esto me parece unha razón peregrina, eu me negó a esto, entonces como un Concelleiro deste foro que estamos aquí, creo que por dereito temos dous Plenos extraordinarios, é tal que non é polo diñeiro, que dis ti que é polo diñeiro, ata o punto que no mes de decembro non se fixo o Pleno Ordinario ni ningunha Comisión Informativa.

Resposta o Sr. Alcalde, porque o 12 de decembro morreu un Concelleiro, e eso fixo unha desorganización nas Comisións, e parte do feito de morrera un Concelleiro xa é un feito moito importante, o grupo de Goberno non ten por que ir a un Pleno cun voto menos.



O Sr. Sixto Galiano: pero sen embargo si que houbo cinco comisións de goberno.

O Sr. Alcalde: Hai unha cada semana, sempre, e o concelleir falecido non formaba parte da Comisión de Goberno.

O SR. Sixto Galiano:; Eu se solicito un Pleno Extraordinaria é porque teño dereito a solicitalo, e se quitas unha nota prensa dicindo que é por diñeiro, eso é unha mentira, de feito, no mes de decembro houbo cinco Comisións de Goberno, e eu nunca dixen que era por diñeiro, cada Concelleiro que non ten adicación exclusiva cobra 224 euros por cada Comisión de Goberno.

O Sr. Alcalde: E os teus tamen o cobraban que o puxeron eles.

SR. Sixto Galiano: A pregunta é porque non se convocou ningunha Comisión Informativa no mes de decembro.

Sr. Alcalde: Nesa Xunta de Voceiros, se colleu a solicitude do PP e se lle dixo que si a todo, se dixo o que pedides o facemos, e seguides pedindo o Pleno igual, porque se o que pedides o dimos, solicitudes o Pleno para que proxecto vaia a unha Comisión, e os dixen que si, entonces para que o Pleno, se me solicitas o Pleno para que esto se debata no Pleno eu non teño nada que dicir, pero eso non o solicitachedes, entonces aprender a solicitar correctamente os Plenos., entonces para que o Pleno. O que pedides xa os dixen que si, e queredes facer o Pleno igual, entonces entende que é para cobralo, para outra cousa non.

O Sr. Manuel Cendán: Nosoutros solicitamos un Pleno o día 29 de decembro, en base a que nos no Pleno anterior non tiñamos información, sabíamos que solicitaron unha subvención en base a un proxecto, pero non coñeciamos o proxecto, o proxecto non pasou a ningunha comisión informativa, eu un día saia do Concello as dúas darte e me atope unha persoa.

Sr. Alcalde: vamos por partes esto son rogos e preguntas, estas son preguntas dirixidas o Alcalde, ti pediches ver o proxecto e se te ensinou, vamos por parte se fai un proxecto que é competencia da Alcaldía, pides ver o proxecto e se te atende, pides outra cousa que non se tire o palco e non se tira o palco, onde esta problema, por riba pides un pleno e te digo que si o que solicitas. Si queres suspendemos o Pleno do luns e o facemos agora.

Sr. Manuel Cendán, non tes razón, esto esta para o luns.



O Sr. Sixto Galiano, di que a razón da petición do Pleno non é unha razón monetaria, quero que te quede claro. Isto non é un xuizo no que exista un acordo antes de entrar na sala, o que non pode ser e que a semana anterior se diga que si, isto está solicitado desde hai un mes.

Sr. Alcalde: perdona vamos por parte, ti tes os teus dereitos e eu teño os meus, entonces vamos a discriminar cales son os meus e cales son os teus, o teu e pedir un Pleno sobre o que a ti te da a gana e o pediches sobre eso, a min solicitude do teu pleno a convocou eu ou o Secretario, e estou no meu dereito deixo que a convoque o Secretario, e na primeira Xunta de Voceiros, na inmediata os digo acepto todo o que me pedides, desde o momento no que o acepto porque antes non o aceptaba, é evidente que houbo un cambio nas decisións do equipo de goberno, por certo un cambio que pediches vos, eu non fun a manifestarme alí, entonces na primeira Xunta de voceiros que en decembro non houbo porque faleceu un Concelleiro na primeira o Voceiro lle digo acepto todo o que me pides, e o Voceiro me di non pero quero o Pleno igual. Non vamos a reproducilo agora temos Pleno o Luns.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e sete minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO